



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

ASUNTO: SESIÓN 2020/8 Ordinaria PLENO DO 17 DE SETEMBRO 2020
EXPEDIENTE: 2020/G010/000008

ACTA Nº 2020/8 SESIÓN Ordinaria DO PLENO - , xoves 17 de setembro de 2020 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno.

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Luís Constante Freire Pérez de Juan

Fátima Insua López Entra no punto 5

Roberto Gómez Lesta

María Ángeles Vilas Pedreira

Francisco Javier Rodríguez Souto

Escusan a súa ausencia:

Silvia Taboada Carro

Secretario

Adrián J. Márquez Caramés

Asiste como secretario Adrián J. Márquez Caramés secretario da Corporación, que dá fe do acto. Unha vez aberto este pola Presidencia. Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
2. APROBACIÓN, SE PROCEDE DE DESAFECTACION DE CAMIÑO
3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESIGNACIÓN DO XUÍZ DE PAZ ABEGONDO
4. APROBACIÓN CONTA XERAL 2019
5. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE MC 13/2020. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO RLTGX
6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CALENDARIO LABORAL 2021

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

7. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL REPROBANDO A ACTITUDE DA LFP E O CSD
8. DECRETOS DA ALCALDÍA
9. ROGOS E PREGUNTAS

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente consultou aos concelleiros se desexan facer algunha observación ás actas de data 09.07.2020 e 17.08.2020 que estaban pendentes de aprobar.

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria a Corporación Municipal acordan a aprobación das actas todos os membros presentes.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE DE DESAFECTACION DE CAMIÑO

Dase conta da seguinte proposta:

ASUNTO: DESAFETACION DUN CAMIÑO PRÓXIMO AO AB-0353

EXPEDIENTE:2019/X999/000276

En cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte, **INFORME:**

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Preséntase a solicitude co rexistro de entrada (E.R.E) núm. 20190000001053 o día 26/04/2019 12:55:00 por parte de Comunidade de usuarios de regantes de Beade con NIF ***6744* para DESAFETAR un camiño próximo ao CAMIÑO AB-0353 situado en Beade

SEGUNDO. O 22.10.2018 o arquitecto técnico municipal informou favorablemente a solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Os artigos 22.2.l), 47.2.n) e 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. A desafectación consiste na alteración da cualificación xurídica dun ben, pasando de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial, que require para iso un expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Son bens de dominio público os destinados a un uso ou servizo público e os comunais. Son bens patrimoniais os de titularidade local que non estean destinados directamente ao uso público ou afectados a un servizo público da competencia local ou ao aproveitamento polo común dos veciños e poidan constituír fonte de ingresos para o seu erario. Se non consta a afectación dun ben local presúmese que é patrimonial.

SEGUNDA. Corresponde ao Pleno do Concello acordar a alteración da cualificación xurídica dos bens, previo expediente no que se motive a súa oportunidade ou necesidade, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

TERCEIRA. En calquera caso, a incorporación ao patrimonio da Entidade Local dos bens desafectados, mesmo cando procedan de deslinde de dominio público, non se entenderá efectuada ata a recepción formal polo órgano competente da Corporación dos bens que se trate, e en tanto a mesma non teña lugar seguirán tendo aqueles o carácter de dominio público.

CUARTA. A modo de motivación do expediente cabe destacar o seguinte extracto do informe técnico:

O tramo de camiño do que se solicita a desafectación non esta incluído no Inventario do Patrimonio Municipal.

O estado actual do tramo do camiño do que se solicita a desafección e o que se pode ver nas seguintes fotografías tomadas o día 17 de outubro de 2019.





CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Como se pode ver nas fotografías este tramo de camiño non se utiliza na actualidade, xa que esta intransitable, existen na traza do mesmo construccions que revasan a súa rasante e as parcelas lindadeiras polo sur están cerca de dous metros mais elevadas que a rasante deste camiño.

Polo anterior o técnico que suscribe considera que este tramo puidera ser desafectado do seu uso público, mais non estaría de mais facer unha consulta os propietarios de fincas conlindantes co mesmo que se relacionan anteriormente.

QUINTA. O procedemento para levar a cabo a desafectación é o seguinte:

A. A alteración da cualificación xurídica dos bens das Entidades Locais requiren expediente no que se acrediten a súa oportunidade e legalidade.

Así, polos Servizos Técnicos Municipais emitírase informe sobre a oportunidade ou necesidade segundo a Lexislación vixente da desafectación do ben moble.

B. O expediente someterase a información pública, durante un mes, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello. Durante este período, quedará a disposición de calquera interesado que desexe examinalo e poderanse presentar as alegacións que se estimen oportunas.

C. Por Acordo do Pleno e previo Ditame da Comisión Informativa, aprobarase inicialmente a desafectación do ben cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

D. Estudadas as alegacións presentadas, acordarase, a alteración da cualificación xurídica, polo Pleno da Entidade Local, que deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

E. Aprobada a desafectación do ben, deberanse facer as anotacións pertinentes no Inventario de Bens Municipal.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.




CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a desafectación do ben inmueble camiño municipal indicado procedente da referencia catastral 15001E5080909100000GT como se pode ver no seguinte recorte, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial:

O tramo de camiño do que se solicita a desafectación en catastro esta dentro da referencia catastral 15001E5080909100000GT como se pode ver no seguinte recorte:



SEGUNDO. Publicar este Acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, o expediente atoparase disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://sede.abegondo.gal>

TERCEIRO .- Dar traslado do presente acordo aos colindantes aos efectos oportunos.

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada coa emenda no punto segundo da parte resolutiva na que se indica " que no caso de non haber alegacións, entenderase aprobado definitivamente", co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)
Abstencións: 0
Votos en contra: 0



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta por nove votos a favor e dúas abstencións.

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESIGNACIÓN DO XUÍZ DE PAZ ABEGONDO

Dase conta da seguinte proposta:

ASUNTO: PROPOSTA PARA A ELECCIÓN DO XUÍZ DE PAZ ABEGONDO 2020

EXPEDIENTE: 2020/X999/000094

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.-Preséntase a solicitude co rexistro de entrada (E.R.E) núm. 20200000000693 o día 20 de marzo de 2020 por parte de Don/a Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para INICIO DE EXPEDIENTE PARA O NOMEAMENTO DO XUÍZ DE PAZ.

SEGUNDO.-O 8 abril 2020 o alcalde-presidente emitiu providencia de inicio para que se emita informe de secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir en relación coa elección de Xuíz de Paz.

TERCEIRO.-Consta informe de secretaría con data de 10 de abril de 2020.

CUARTO. O concello Incoou o expediente para a elección de Xuíz de Paz, titular, e abriu un período de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, candidaturas a Xuíz de Paz titular.

QUINTO. Logo do preceptivo anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP 107 do 14.07.2020) presentáronse as seguintes solicitudes:

202000000002082 20-07-2020 13:23:40 RODRIGUEZ BARBEITO, JOSE MANUEL
PARTICIPACION EN PROCESO SELECTIVO O CARGO DE XUIZ DE PAZ

202090000000643 28-07-2020 11:49:10 MARGARITA MITRAN LOPEZ -

INSTANCIA PARA OPTAR O CARGO DE XUIZ DE PAZ TITULAR E/OU SUBSTITUTO

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas
- A LO 6/1985, do Poder Xudicial.
- O Regulamento 3/1995 "Dos xuíces de paz", aprobado por acordo do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial de 7 de xuño de 1995.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- A vixente redacción dos artigos 101, 102 e 103 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, prevén literalmente: "Artigo 101: 1. Os xuíces de paz e os seus substitutos serán nomeados para un período de 4 anos pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondente. O nomeamento recaerá nas persoas elixidas polo respectivo Concello.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

2. Os Xuíces de Paz e os seus substitutos serán elixidos polo Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, entre as persoas que, reunindo as condicións legais, así o soliciten. Se non houber solicitante, o Pleno elixirá libremente.

3. Aprobado o acordo correspondente, será remitido ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución, quen o elevará á Sala de Goberno.

4. Se no prazo de tres meses, contados desde que se produza a vacante nun Xulgado de Paz, o Concello correspondente non efectuase a proposta prevista nos apartados anteriores, a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza procederá a designar o Xuíz de Paz. Actuarase de igual modo cando a persoa proposta polo Concello non reunise, a xuízo da mesma Sala de Goberno, e ouvido o Ministerio Fiscal, as condicións esixidas por esta Lei.

5. Os Xuíces de Paz prestarán xuramento ante o Xuíz de Primeira Instancia e Instrución e tomarán posesión ante quen se achase exercendo a xurisdición.

Artigo 102: Poderán ser nomeados Xuíces de Paz, tanto titular como substituto, quen, aínda non sendo licenciados en Dereito, reúnan os requisitos establecidos nesta Lei para o ingreso na Carreira Xudicial, e non estean incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas para o desempeño das funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís.

Artigo 103: 1. Os Xuíces de Paz serán retribuídos polo sistema e na contía que legalmente se estableza, e terán, dentro da súa circunscrición, o tratamento e precedencia que se recoñezan na súa aos Xuíces de Primeira Instancia e Instrución. 2. Os Xuíces de Paz e os substitutos, no seu caso, cesarán polo transcurso do seu mandato e polas mesmas causas que os Xuíces de carreira en canto lle sexan de aplicación."

SEGUNDA.- O Regulamento 3/1995 "Dos xuíces de paz", aprobado por acordo do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial de 7 de xuño de 1995, no artigo 5 dispón que "as vacantes no cargo de Xuíz de Paz titular e substituto anunciaranse polo Concello respectivo coa suficiente antelación, mediante convocatoria pública, con indicación do prazo e lugar de presentación de instancias. Publicarase no "Boletín Oficial" da provincia e mediante edictos no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz"

TERCEIRA. Con base ao indicado nesta regulación e o escrito da Secretaria de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza no que se comunica a este Concello que ante o vindeiro cesamento do Xuíz de Paz titular deste municipio, debe procederse á elección de persoa para o referido cargo para un período de 4 anos,

CUARTA. Este concello entende que a labor de José Manuel Rodríguez Barbeito como xuíz de paz foi moi boa, que cumpre cos requisitos para concorrer a este procedemento e que, sendo veciño e residente do concello goza de gran aprecio e lexitimidade polos veciños, o que leva a que se propoña a súa continuidade no cargo.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **PROPOÑO:**

PRIMEIRO. Designar a José Manuel Rodríguez Barbeito con NIF 32778274P domiciliado en Abegondo quen dispón do título de encargado de construción de profesión como Xuíz de Paz titular.

SEGUNDO. Dar traslado do presente Acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do Partido Xudicial ou, se houber varios, ao Decano, que o elevará á Sala de Goberno tal como sinala o artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)
Abstencións: 0
Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta.

4. APROBACIÓN CONTA XERAL 2019

Dase conta da seguinte proposta:

ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDIA CONTA XERAL 2019

EXPEDIENTE: 2020/X999/000106 - 2020/G006/000135

Visto o expediente que se tramita para a aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello de Abegondo, correspondente ao exercicio económico 2019, no que consta: informe favorable da Comisión Especial de Contas, de data 29 de maio de 2020; informe de Intervención; anuncio de exposición pública no BOP nº 108, de data 15 de xullo de 2020, e que comprende tódalas operacións levadas a cabo durante o exercicio de referencia, tanto orzamentarias como independentes e auxiliares, patrimoniais e de tesourería, tal como determina o artigo 208 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais, co seguinte contido:

1) BALANCE DE SITUACION: 23.999.637,92 euros (activo e pasivo).

2) CONTA DE RESULTADOS:

- a) Ingresos de xestión ordinaria: 4.426.366,36 €
- b) Gastos de xestión ordinaria: 3.851.824,42 euros
- I. Resultado (aforro) da xestión ordinaria: 574.541,94 €
- II. Resultado das operacións non financeiras: 574.541,94 €
- III. Resultado das operacións financeiras: 20.435,03 €
- IV. Resultado (aforro) neto do exercicio: 574.541,94 €

3) ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:

| RESULTADO ORZAMENTARIO 2019 | |
|--|--------------|
| DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS | |
| a. DRN por operacións correntes (cap. I a V) | 4.277.508,28 |
| b. DRN por operacións de capital (cap. VI e VII) | 266.161,94 |
| 1. Total dereitos recoñecidos netos por operacións non financeiras | 4.543.670,22 |
| c. DRN por activos financeiros | 0,00 |



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

| | |
|---|----------------------|
| d. DRN por pasivos financeiros | 0,00 |
| 2. Total dereitos recoñecidos netos por operacións financeiras | 0 |
| Total dereitos recoñecidos | 4.543.670,22 |
| OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS | |
| a. ORN por operacións correntes (cap. I a IV) | 3.777.722,36 |
| b. ORN por operacións de capital (cap. VI e VII) | 1.284.658,02 |
| 1. Total obrigas recoñecidas netas por operacións non financeiras | 5.062.380,38 |
| c. ORN por activos financeiros | 0,00 |
| d. ORN por pasivos financeiros | 0,00 |
| 2. Total obrigas recoñecidas netas por operacións financeiras | 0,00 |
| Total obrigas recoñecidas | 5.062.380,38 |
| I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2) | -518.710,016 |
| AXUSTES | |
| 4. Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais | 546.919,41 |
| 5. Desviacións de financiación negativas do exercicio | 901.807,90 |
| 6. Desviacións de financiación positivas do exercicio | 281.303,31 |
| II. TOTAL AXUSTES (3+4-5) | +1.167.424,00 |
| RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II) | 648.713,84 |

4) **MEMORIA:** completa, amplía e comenta a información contida no Balance, na Conta do resultado económico-patrimonial e no Estado de liquidación do Orzamento. Está integrada polos seguintes documentos:

1.- **Organización:** informa sobre a poboación oficial e cantos outros datos de carácter socioeconómico contribúan á identificación do concello de Abegondo:

- actividade principal.
- estrutura organizativa básica, nos seus niveis político e administrativo.
- número medio de empregados, tanto funcionarios como persoal laboral.
- entidades dependentes e a súa actividade
- fundacións nas que o suxeito contable forme parte
- principais fontes de financiación e a súa importancia relativa.

2.- **Gestión indirecta de servizos públicos:** informa sobre os servizos públicos xestionados de forma indirecta, indicando para cada forma de xestión, seu obxecto, prazo, bens afectados, subvencións comprometidas, aportacións non dinerarias...

3.- **Bases de presentación das contas:** informará principalmente sobre os principios públicos non aplicados por interferir no obxectivo da imaxen fiel e a súa incidencia nas contas anuais, así como daqueles outros principios contables aplicados distintos dos principios contables públicos.

4.- **Normas de valoración:** indicarán os criterios contables aplicados para o cálculo das amortizacións e provisións do inmovilizado material e inmaterial; distinción entre corto e longo prazo nas inversións financeiras; deudas distinguindo entre corto e longo prazo, indicando os criterios de valoración; provisións para insolvencias, indicando o método de estimación para determinar os dereitos de difícil ou imposible recaudación.

5.- **Inmovilizacións materiais:** informará de cada unha das contas deste epígrafe que forman o Balance indicando: saldo inicial, entradas, aumentos por traspasos doutras contas, saídas ou baixas, diminucións por traspasos a



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

outras contas, amortizacións, incrementos por revalorizacións e saldo final.

6.- Patrimonio público do chan: informará de cada unha das contas deste epígrafe que forman o Balance indicando: saldo inicial, entradas, aumentos por traspasos doutras contas, saídas ou baixas, diminucións por traspasos a outras contas, amortizacións, incrementos por revalorizacións e saldo final.

7.- Inversións inmobiliarias: informará de cada unha das contas deste epígrafe que forman o Balance indicando: saldo inicial, entradas, aumentos por traspasos doutras contas, saídas ou baixas, diminucións por traspasos a outras contas, amortizacións, incrementos por revalorizacións e saldo final.

8.- Inmovilizado intanxible: informará de cada unha das contas deste epígrafe que forman o Balance indicando: saldo inicial, entradas, aumentos por traspasos doutras contas, saídas ou baixas, diminucións por traspasos a outras contas, amortizacións, incrementos por revalorizacións e saldo final.

9.- Arrendamentos financeiros e outras operacións similares: informará do importe polo que se teña recoñecido inicialmente o activo, indicando se se corresponde ao valor razonable, ou, no seu caso, ao valor dos pagos a realizar; descripción xeral dos acordos de arrendamento financeiro; desglose para cada un dos activos do saldo inicial, entradas, aumentos por traspasos doutras contas, saídas ou baixas, diminucións por traspasos a outras contas, amortizacións, incrementos por revalorizacións e saldo final.

10.- Activos financeiros: ofrecerá información relacionada co balance (conciliación, reclasificación, activos entregados em garantía, correccións por deterioro de valor), información relacionada coa conta do resultado económico-patrimonial (resultado do exercicio, ingresos financeiros), información sobre os riscos do tipo de cambio e tipo de interés, e outra información que se considere relevante.

11.- Pasivos financeiros: informará sobre a situación e movemento das débedas incluíndo un estado resumen de conciliación, líneas de crédito, información sobre os riscos de tipo de cambio e de tipo de interés, avales e outras garantías concedidas.

12.- Coberturas contables: informará para cada operación á que sexa de aplicación a norma de valoración 10º dos seguintes aspectos: descripción do instrumento de cobertura, xustificación dos requisitos, valor contable ao inicio e fin de exercicio, variacións de valor do instrumento de cobertura.

13.- Activos construídos ou adquiridos para outras entidades: informará a nivel partida de Balance dos seguintes aspectos: circunstancias que dan lugar a correccións valorativas por deterioro de existencias, importe dos custos capitalizados nas obras en curso, limitacións na dispoñibilidade das obras por garantías, fianzas e outras causas, calquer outra circunstancia de relevancia que afecte á titularidade, dispoñibilidade ou valoración dos activos construídos ou adquiridos para outras entidades.

14.- Moeda estranxeira: informará do importe global, a nivel partida de balance, dos elementos do activo e pasivo denominados en moeda estranxeira, así como do importe das diferencias de cambio recoñecidas no exercicio.

15.- Transferencias subvencións e outros ingresos e gastos: informará sobre importe e características das transferencias e subvencións recibidas que sexan significativas, cumprimento das condicións para a súa percepción, criterio de imputación a resultados e importes imputados. Tamén informará sobre as subvencións e transferencias concedidas que presenten un importe significativo con respecto ó total, indicando importe, características e datos do



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

perceptor, así como a finalidade e reintegros se os houbera.

16.- Provisións e continxencias: informará para cada provisión recoñecida no balance, salvo as relativas a avais e outras garantías concedidas, do seu movemento durante o exercicio (saldo inicial, aumentos, diminucións e saldo final). Para cada continxencia, tanto de activo como de pasivo, unha breve descripción e evolución previsible.

17.- Información sobre o medio ambiente: informará sobre as obrigas recoñecidas com cargo á política de gasto 17 (medio ambiente), e dos beneficios fiscais por razóns medioambientais que afecten aos tributos propios.

18.- Activos en estado de venda: ofrecerá unha información detallada dos mesmos cando o seu importe sexa significativo.

19.- Presentación por actividades da conta do resultado económico-patrimonial: a entidade poderá presentar a conta do resultado económico-patrimonial clasificando os gastos económicos por actividades. Os ingresos agrúpanse en ingresos de xestión ordinaria, ingresos financeiros e outros ingresos. Os gastos dividíranse en gastos orzamentarios, distribuídos en grupos de programas, e gastos non orzamentarios.

20.- Operacións por administración de recursos por conta doutros entes: informará das contas do subgrupo 45 (debedores e acreedores por administración de recursos por conta doutros entes públicos) especificando as obrigas derivadas da xestión, contas correntes en efectivo, desenvolvemento da xestión (dereitos anulados e cancelados e devolucións de ingresos).

21.- Operacións non orzamentarias de tesoureiría: mostrará a situación e movementos das distintas contas e conceptos de operacións non orzamentarias, clasificadas nas seguintes agrupacións: deudores, acreedores, partidas pendentes de aplicación (cobros), partidas pendentes de aplicación (pagos).

22.- Contratación administrativa: información, por tipos de contrato, sobres os importes adjudicados según os distintos procedementos previstos na normativa de contratación.

23.- Valores recibidos en depósito: informará sobre cada uno de los valores depositados, bien sean avales o seguros de caución recibidos.

24.- Información orzamentaria: a información a subministrar é a seguinte:

1.- exercicio corrente:

1.1. orzamento de gastos: modificacións de crédito, remanentes de crédito, , acreedores por operacións pendentes de aplicar ó orzamento indicando a aplicación orzamentaria á que deberan imputarse.

1.2. orzamento de ingresos: proceso de xestión (dereitos anulados e cancelados, recaudación neta), devolución de ingresos, compromisos de ingresos.

2.- exercicios pechados:

2.1. obrigas de orzamentos pechados (obrigas pendentes pago a 1 de xaneiro, modificacións de saldo inicial, prescricións, pagos realizados e obrigas pendentes pago a 31 de decembro)

2.2. dereitos a cobrar de orzamentos pechados (pendentes de cobro a 1 de xaneiro, modificacións do saldo inicial, dereitos anulados, dereitos cancelados, recaudación e dereitos pendentes cobro a 31 de decembro)

2.3. variación de resultados de exercicios anteriores (recole as variacións de obrigas e dereitos de orzamentos pechados que supoñan a alteración dos importes calculados como resultados orzamentarios de exercicios anteriores.

3.- exercicios posteriores:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

- 3.1. compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores (información sobre os compromisos de gasto adquiridos durante o exercicio, así como nos precedentes, imputables a orzamentos de exercicios sucesivos)
- 3.2. compromisos de ingreso con cargo a orzamentos de exercicios posteriores (información sobre os compromisos de ingreso concertados durante o exercicio, así como nos precedentes, que teñan repercusión en orzamentos de exercicios posteriores)
- 4.- execución de proxectos de gasto: información individualizada dos proxectos de gasto que estivesen en execución a 1 de xaneiro ou que se iniciasen no exercicio, indicando se contan con recusos afectados para a súa financiación.
- 5.- gastos con financiación afectada: informará para cada gasto con financiación afectada das desviacións de financiación imputables e acumuladas.
- 6.- Remanente de tesourería:

| REMANENTE DE TESOURERÍA 2019 | |
|--|---------------------|
| 1. Fondos líquidos | 1.125.226,27 |
| 2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d) | 244.986,12 |
| 2.a. de orzamento corrente | 226.908,74 |
| 2.b de orzamentos pechado | 299,31 |
| 2.c de operacións non orzamentarias | 17.778,07 |
| 3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d) | 132.990,03 |
| 3.a. de orzamento corrente | 30.643,40 |
| 3.b. de orzamentos pechados | 325 |
| 3.c. de operacións non orzamentarias | 102.021,63 |
| 4. Partidas pendentes de aplicación (4.b – 4.a) | 22.468,32 |
| 4.a cobros realizados pendentes de aplicación definit | 24.123,78 |
| 4.b pagos realizados pendentes de aplicación definit | 46.592,10 |
| I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4) | 1.259.690,68 |
| II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO | 74,83 |
| III. EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADO (RLTGFAf) | 91.097,90 |
| IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III) | 1.168.517,95 |

25.- Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios: informan sobre a situación financeira e orzamentaria da entidade (liquidez, endebedamento, PMP, PMC, execución do orzamento de ingresos e gastos, autonomía fiscal...)

26.- Información sobre o custo das actividades: ofrece información detallada dos custo das distintas actividades, diferenciando entre custos directos e indirectos, relación entre custos e ingresos.

27.- Indicadores de xestión: informan sobre a eficacia, eficiencia e economía na prestación dos servizos ao actividades financiadas con taxas ou precios públicos.

28.- Feitos posteriores ao peche: informan sobre circunstancias posteriores ao peche que sexan significativas e poidan incidir na avaliación das contas anuais por parte dos usuarios.

29.- Aspectos derivados da transición as novas normas contables: descripción dos axustes realizados para a apertura da contabilidade do exercicio 2019, indicando os motivos, criterios contables aplicados e diferencias cos do exercicio anterior, cuantificación do impacto no patrimonio neto dos cambios de criterio contable.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

30.- Estado de conciliación: debe poñer de manifesto a correspondencia entre os saldos que se reflicten no asento de apertura da contabilidade do exercicio 2019 e os que figuren no peche da contabilidade do exercicio 2018.

31.- Balance, conta de resultado e RLT referidos ao exercicio 2019

Proponse que o Concello Pleno adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Prestar aprobación á Conta Xeral do Concello de Abegondo, correspondente ó exercicio económico de 2019, tal como preceptúa o artigo 212.4 do TRLRFL, toda vez que se cumpríu coas formalidades que ao respecto existen os artigos precedentes do citado corpo legal.

SEGUNDO. Render conta deste acordo ao Consello de Contas da Xunta de Galicia e ao Tribunal de Contas, cumprindo así co disposto no artigo 212.5 do citado TRLRFL.

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)
Abstencións: 0
Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta.

Neste intre entra no salón de Plenos a concelleira Fátima Ínsua López

5. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE MC 13/2020. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO RLTGX

Dase conta da seguinte proposta:

ASUNTO: EXPTE MC 13/2020. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO RLTGX.

EXPEDIENTE: 2020/T002/000012 - 2020/G006/000140

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Providencia de Alcaldía de data 10 de setembro de 2020 para o inicio do expediente de modificación de créditos por suplemento e crédito extraordinario por importe de 303.100 euros financiado con cargo ao RLTGXerais.

SEGUNDO. Memoria de Alcaldía de data 10 de setembro de 2020 xustificativa da modificación a realizar, indicando as aplicacións orzamentarias de gasto afectadas; o medio de financiación do suplemento de crédito; o carácter específico e determinado do gasto; a insuficiencia de crédito nas partidas que se van suplementar para a imputación dos gastos obxecto deste exppte.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

TERCEIRO. Informe de intervención de data 10 de setembro de 2020 no que se pon de manifesto: que se cumpren os requisitos do TRLRFL, así como o órgano competente para a aprobación do expte.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réximen Local.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto Refundido dá Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.
- Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2016.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira (LOEPSF)

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- A normativa reguladora das facendas locais permite efectuar modificacións no orzamento inicialmente aprobado, sempre e cando se cumpra cos requisitos que esixe a citada normativa.

Entre as modificacións previstas figura o suplemento de crédito, que procede cando se deba realizar algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e o crédito ao que debe imputarse sexa insuficiente ou non ampliable.

SEGUNDA.- O artigo 177 do TRLRFL, o artigo 36 do RD 500/1990 e as bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2019 establecen que os suplementos de crédito e créditos extraordinarios poderán financiarse indistintamente con algún dos seguintes recursos:

- remanente líquido de tesourería, calculado conforme ao disposto nos artigos 101 a 104 do RD 500/90
- novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos
- anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas, e cuías consignacións se estimen reducibles sen perturbación do servizo.
- exclusivamente, e só cando se trate de gastos de investimento, ademais dos medios anteriores, tamén poderá financiarse con recursos procedentes de operacións de endebedamento.

No expte MC 13/2020 propónse a financiación con cargo ao RLT que resulta da liquidación do exercicio 2019, da que deriva unha situación de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra do gasto, o que obrigou a elaborar un PEF para os exercicios 2020/2021 que permita voltar á senda do cumprimento, e que foi aprobado en sesión plenaria de data 9 de xullo de 2020 (BOP núm. 143 do 2 de setembro). As opcións do concello de Abegondo en canto ao emprego do RLTGG as seguintes:

- 1.- NON se está no ámbito de aplicación do artigo 32 da LOEPSF. Según consulta realizada a través da Oficina Virtual de Coordinación Financiera coas Entidades Locais, a débeda coa Deputación Provincial a través dos plans PAI15, PAI16 e PAI19 por importe total de 647.072,78 euros non computa a efectos do artigo 32 da LOEPSF, é dicir, que no caso de presentar superávit ou RLTGXerais positivo, éste non terá que destinarse obrigatoriamente a amortizar débeda, aínda que este importe siga computando a efectos de sostenibilidade financeira.
- 2.- RLTGXerais positivo será de libre disposición conforme ás normas do TRLRFL, coa advertencia da incidencia negativa na estabilidade e na regra do gasto.
- 3.- situación de déficit, o que implica a obriga de aprobar un PEF que reconduza a situación a unha senda de cumprimento da estabilidade e da regra do gasto. O documento do PEF 2020/2021 foi aprobado en sesión plenaria



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

de data 9 de xullo de 2020 (BOP núm. 143 do 2 de setembro).

TERCEIRA.- O procedemento de tramitación, será o establecido na Base 9: Cando deba realizarse algún gasto que non se poida demorar até o exercicio seguinte e non exista crédito ou o consignado sexa insuficiente, a Alcaldía poderá incoar e propor un expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito que deberá ser aprobado polo Pleno, previo informe do Interventor e ditame da Comisión Informativa correspondente, e tramitado cos mesmos requisitos que os sinalados na Lei para a aprobación do orzamento:

- aprobación inicial polo Pleno da Corporación
- exposición pública por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP, durante o cal os interesados poderán presentar reclamacións, que deberán ser resoltas polo Pleno no prazo dun mes.
- aprobación definitiva polo Pleno no suposto de que se presentaran reclamacións, noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
- publicación do expediente, resumido por capítulos, no *Boletín Oficial da Provincia*.
- simultaneamente ó envío do anuncio da publicación indicado no apartado anterior, remitírase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

CUARTA.- A Memoria de Alcaldía xustifica esta modificación pola insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias do estado de gastos para atender necesidades relativas aos gastos ordinarios e de investimento, de carácter imprescindible e inaprazable, que afectan a servizos e competencias municipais.

QUINTA.- O informe de intervención de data 10 de setembro, sinala que se cumpren os requisitos legais para a tramitación do expte MC 13/2020 de suplemento de crédito e crédito extraordinario por importe de 303.100 euros, coa finalidade e detalle previstos na Memoria que acompaña a este expte.

Unha vez realizada a tramitación legalmente establecida e conforme establecen os artigos 169 e seguintes do TRLRFL e 18 do RD 500/1990, correspóndelle ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expte MC 13/2020 de suplemento de créditos.

Esta Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 13/2020 de suplemento de crédito e crédito extraordinario financiado íntegramente con RLT, e que responde ó seguinte esquema:

GASTOS FUNCIONAMENTO ORDINARIO e INVESTIMENTOS:

| APLICACIÓN | INCREMENTO | FINALIDADE | MODIFICACIÓN |
|------------|------------|--|------------------------|
| 165/22706 | 18.000 | Pregos técnicos eficiencia enerxética | Crédito extraordinario |
| 337/62203 | 66.000 | Construcción local social Cerneda | Crédito extraordinario |
| 342/63203 | 19.000 | Reformas polideportivo Viós (vestiarios) | Crédito extraordinario |
| 342/63203 | 16.100 | Reformas polideportivo San Marcos (vestiarios) | Crédito extraordinario |
| 933/63203 | 135.000 | Reforma rectoral San Tirso (II fase) | Crédito extraordinario |
| 1532/61900 | 15.000 | Capa rodadura estrada Presedo | Crédito extraordinario |



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

| | | | |
|-----------|---------|---|------------------------|
| 171/61900 | 15.000 | Acondicionamento encoro Beche | Crédito extraordinario |
| 171/62300 | 4.000 | Adquisición máquina cortacésped | Suplemento crédito |
| 337/62500 | 15.000 | Adquisición mobiliario centro social activ lúdicas Sarandós | Crédito extraordinario |
| | 303.100 | | |

INGRESOS:

| CONCEPTO | IMPORTE | FONTE DE FINANCIAMENTO |
|----------|---------|---|
| 870.00 | 299.100 | RLTGXerais para financiación créditos extraordinarios |
| 870.00 | 4.000 | RLTGXerais para financiación suplemento crédito |
| TOTAL | 303.100 | |

SEGUNDO.- Ordenar a publicación no taboleiro de anuncios da Corporación, así como no BOP de A Coruña, do acordo de aprobación inicial, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do TRLRFL, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.

TERCEIRO.- Entender definitivamente aprobada a presente modificación, sen necesidade de novo acordo plenario, se durante o período de exposición pública non se presentan reclamacións, entrando en vigor unha vez sexa publicado no BOP o resumen por capítulos do estado de gastos do Orzamento de 2020 coas modificacións propostas.

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan)
Abstencións: 4 (Fátima Insua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)
Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta.

6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CALENDARIO LABORAL 2021

Dase conta da seguinte proposta:

ASUNTO: CALENDARIO LABORAL FESTIVOS LOCAIS ANO 2021

EXPEDIENTE: 2020/G006/000141

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O Concello pretende elaborar o CALENDARIO LABORAL para o ANO 2021.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

10. Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo
11. Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
12. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
13. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
14. O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
15. Os artigos 61.1.o) e 2861 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

CONSIDERACIÓNS

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que neste concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución, ese Concello propón establecer como festivos locais os seguintes días:

- Martes de Entroido, 16 de febreiro de 2021
- San Xoán, 24 de xuño de 2021

No caso de que a Xunta de Galicia declarase festivo autonómico o día 24 de xuño de 2021, o festivo local pasaría a ser o día de San Pedro, 29 de xuño de 2021.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO:**

PRIMEIRO. Establecer, como festivos locais os seguintes días: **martes de Entroido, 16 de febreiro de 2021 e o día de San Xoán, 24 de xuño de 2021.**

No caso de que a Xunta de Galicia declarase festivo autonómico o día 24 de xuño de 2021, o festivo local pasaría a ser o día de San Pedro, 29 de xuño de 2021.

SEGUNDO. Dar traslado do presente acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan, Fátima Ínsua López, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Abstencións: 0

Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO.

7. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL REPROBANDO A ACTITUDE DA LFP E O CSD

O Concello Pleno de Abegondo realiza a seguinte declaración institucional:

ASUNTO: DECLARACIÓN INSTITUCIONAL REPROBANDO A ACTITUDE DA LFP E O CSD

EXPEDIENTE: 2020/G006/000136

O Concello de Abegondo pretende reprobar a xestión polo presidente da Liga Nacional de Fútbol Profesional, Javier Tebas Medrano, pola súa xestión e responsabilidade ante a crise sanitaria que supuxo a viaxe do Fuenlabrada C.F. á Coruña para a disputa do partido co Real Club Deportivo o pasado 20 de xullo. A actuación do Consello Superior de Deportes non actuando ou actuando de xeito contrario á consecución dunha solución xusta ante á grave irresponsabilidade cometida, con relación ao risco epidemiolóxico e á xustiza deportiva, é meritoria tamén dunha reprobación por parte dese Concello.

En Abegondo radica a Cidade Deportiva do Real Club Deportivo, onde desenvolven o seu traballo todas as categorías, e, polo tanto, unha situación de risco sobre os traballadores do club constitúe tamén unha situación de risco sobre o municipio e os veciños. A inxustiza deportiva, non permitindo competir en condicións de igualdade tamén conleva un serio prexuízo sobre o Concello de Abegondo, polas consecuencias que se derivan do descenso do equipo.

A sucesión dos feitos tras a viaxe do Fuenlabrada á Coruña veu confirmar o risco sanitario que supuxo para a cidade e a comarca, coa presunta responsabilidade, como el mesmo admitiu, do presidente da Liga. Cando se cumpre máis dun mes desde os feitos, a actuación policial que se seguiu con maior prontitude foi a prestación de declaración do capitán do Dépor, Álex Bergantiños. En todo este tempo, o presidente da Liga non só non deu ningún paso para tratar de esclarecer os feitos, senón que se está afañando en confirmar as sospeitas de non actuar conforme os intereses xerais da cidadanía. É por iso que o Concello de Abegondo propón esta declaración institucional.

O Concello entende que a intervención sobre os responsables da negligencia de desprazar a unha cidade a traballadores contaxiados debería resultar prioritaria e inmediata.

Defende que a xustiza actúe con severidade contra quen creou esa situación de perigo sanitario e investigue os intereses que levaron a esa decisión.

Mentres, demostrouse a integridade indiscutible do capitán do Deportivo, cun comportamento impecable tanto no campo como fóra del, onde demostrou unha implicación total coa canteira e o fútbol feminino. Confírmouse que as súas declaracións se utilizaron de forma inxusta para desviar a atención sobre o asunto principal da ameaza á saúde que supuxo a viaxe do Fuenlabrada.

Nunha pandemia mundial, as administracións públicas deben exixir que a actuación dunha entidade profesional como a Liga se realice con decoro, lóxica e extremando as medidas sanitarias.

Por todo isto, **PROPÓNSE** ao Pleno do Concello de Abegondo a seguinte **DECLARACIÓN** institucional:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

PRIMEIRO. Que se reprobe a actuación da Liga polos motivos expostos e máis concretamente do seu Presidente, Javier Tebas Medrano.

SEGUNDO. Reprobar a actuación do Consello Superior de Deporte do que é presidenta Irene Lozano, pola súa falta de actuación tendente á consecución da xustiza deportiva e pola súa falla de implicación ante o grande número de irregularidades

TERCEIRO. Estudar a posibilidade de tomar as accións legais oportunas na salvagarda dos intereses da Corporación e facultar á alcaldía para levar a cabo este acordo, dando traslado deste acordo aos interesados e darlle a publicidade oportuna.

8. DECRETOS DA ALCALDÍA.

Dáse conta dos decretos de Alcaldía.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Roberto Gómez Lesta fai un rogo para que aos deportistas de motor de alta competición, como o caso de Borja Sánchez, poidánselles incrementar as contías por subvencións, dentro das posibilidades municipais ao que o alcalde presidente lle responda que toma nota, que se está a estudar a posibilidade de ampliar as axudas a deportistas de equipo e que este deportista este ano tamén tivera un patrocinio municipal.

Ás 13:56 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario

Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.